

Concello de Ponteareas

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA para a formación dunha Bolsa de Emprego na categoría de técnico de xestión, escala de administración xeral, subescala de xestión encadradas no grupo A, subgrupo A-2.

Por medio de videoconferencia convocada ao efecto, sendo as 19:11 horas do día 25 de xaneiro de 2022, réunese o tribunal nomeado por resolución da alcaldía de 07 de xaneiro de 2022, que examinará ás/aos aspirantes á praza convocada pola resolución de Alcaldía de data 10 de setembro de 2021 (Decreto nº 2021-2087), correspondente á formación dunha Bolsa de Emprego na categoría de técnico de xestión, escala de administración xeral, subescala de xestión encadradas no grupo A, subgrupo A-2.

Dos membros do tribunal, nomeados segundo a citada resolución e convocados para o día de hoxe, están presentes os seguintes:

D. Xurxo Gómez Alonso, en calidade de Presidente; D. Carlos Potel Alvarellos, en calidade de secretario, D. Miguel Angel Fontán Pérez en calidade de vogal .

Existindo quórum para a celebración do tribunal, procédese a resolución das reclamacións formuladas por dous dos aspirantes presentados, co seguinte resultado:

1º.- D. PABLO LOPEZ DE LUZURIAGA PARENTE, formula reclamación do 19-1-2021 na que impugna a pregunta 37 considerando que a resposta correcta e a letra d) e non a letra a), fundandoo en que existen entidades do sector público que non son consideradas Administracións e que poden sancionar, citando as Universidades. A reclamación debe ser rexeitada porque cando a resposta letra a) dí "Impóñense en todo caso polas Administracións Públicas ", en todo caso non equivale en todos os supostos, seno que a acepción da locución en todo caso significa "al menos", acepción que é admitida pola Real Academia da Lingua, co cal é obvio que a resposta é correcta. Outra cousa ben diferente sería que a resposta puxera "en todos os casos", pois si que sería incorrecta.

Tamén o Sr. López reclama contra a pregunta 79 en base a que non establece a que lei se refire o artigo e de ser a Lei do Solo, o artigo citado na pregunta, o 92, non sería o que regula a competencia de protección da legalidade urbanística en zonas verdes, espazos libres, viarios e zonas de protección. Debemos partir da base de que o Sr. Luzuriaga deixou dita pregunta en branco . A falta da mención da Lei non afecta para nada á pregunta en cuestión por canto dende a 75 á 80 son todas preguntas relacionadas con dita Lei, de feito na súa reclamación identifica plenamente dita Lei como aplicable. Outra cousa ben distinta e o número do artigo que, efectivamente, é erróneo, non é o 92 senon o artigo 155, pero tal erro non incide para nada na pregunta por canto o tema que regula é un tema obvio e claro que non le a confusión o feito de errar na numeración do artigo, de feito o reclamante non explica nen razona a indefensión ou erro que lle induciu tal desafortunada redacción da pregunta. Debe polo tanto rexeitarse a reclamación.



Concello de Ponteareas

Finalmente, reclama contra a pregunta R5, a cal nin siquera tomouse de referencia para calificar o exame. Indica que a resposta correcta debería ser la c) en base aos motivos que deixa expostos. Rexeitase a reclamación por canto o lexislador no artigo 5.3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno outorga un especial interés e tratamento á protección de datos de carácter persoal. Con todo, a pregunta R5 non menciona dito tratamento dos datos de carácter persoal como caso particular senon o amplo concepto de información pública que da nome a dita Ley. En consecuencia, atendese ao disposto no ben referenciado art.14.2.

2.- D. ALEJANDRO IGLESIAS PERNAS, formula reclamación con entrada o 20-1-2021 no que impugna en primeiro lugar a pregunta 38 indicando que a resposta correcta é a d) por canto a letra a) que é a que da por boa o Tribunal non casa co artigo 63 da Lei 39/2015, pero resulta que xeralmente, segundo as normas que regulan o procedemento sancionador, o órgano competente para incoar o expediente é o competente para sancionar, polo tanto, rexeitase a reclamación.

Tamén indica que a pregunta 63 debe ser considerada correcta dado que a resposta correcta era a letra d) o cal concorda coa lei,. Sen embargo, o motivo de anulación de dita pregunta foi que a resposta letra a) e a letra c) son idénticas, o que determinou que fora anulada a pregunta no momento do exame, sen formularse obxeccion algunha polo reclamante nin por ninguén.

En consecuencia rexeitase a reclamación na súa totalidade, debendo publicarse no medio indicado nas bases.

Sendo as 19:25 horas da data do encabezamento e de orde do presidente, levántase a sesión da que eu, como secretario dou fe mediante a presente acta.

Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao tribunal (Alcalde) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

